

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO
CURSO 2014 – 2015

EDLG

Equipo de Dinamización da Lingua Galega
IES Urbano Lugrís - ZALPICÁN

O IES Urbano Lugrís de Malpica é un centro pioneiro ABALAR, con seccións bilingües en francés. Dende o curso 2012-13 ten incorporados tabuleiros dixitais en todas as súas aulas (incluídas as de PT, Música e EPV), grazas ao 2º premio acadado en 2011, por “Atención á Diversidade” , nunha convocatoria feita a nivel nacional polo MECD; con parte deste fondo adquiriu tamén un equipo de Radio para o centro.

Neste curso 2014-15, está conformado por un claustro de 23 profesores e profesoras, 1 lectora de francés, 134 alumnos (repartidos en 10 unidades), 1 auxiliar administrativa, 1 conserxe e persoal de limpeza. Hai unha ANPA oficialmente constituída e mantéñense contactos ao longo do ano con distintas Institucións, Entidades e Centros Educativos da contorna máis ou menos próxima. Cómpre destacar que houbo cambios significativos entre o profesorado definitivo por novas adxudicacións no Concurso de Traslados; contamos no Claustro con 4 persoas novas e unha das prazas non foi cuberta. Isto, unido á chegada de grupos de alumnos novos con especial dificultade, contribúe á redución de moitas das actividades que se viñan de facer habitualmente.

Constitución do EDLG

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) , renovouse ao comezo deste curso académico, quedando integrado polos seguintes membros:

- **Mª Carmen Otero Sánchez - Coordinadora** (PT, Departamento de Orientación, membro do equipo de Biblioteca e Coordinadora de Formación)
- **Pedro Martínez Casillas** (Departamento de Música)
- **Begoña Pérez Seoane** (Departamento de Lingua e Literatura Galegas, Xefa de Estudos)
- **Santiago Molina Álvarez** (Conserxe)
- **Aroa Veiga Fernández**, 3º A
- **Isabel Cousillas Otero**, 3º B
- **María Añón Varela**, 4º B

Establécese o 1º recreo dos mércores como hora probable de reunión entre os seus compoñentes para cando fose preciso informar, organizar, consensuar, etc as distintas actividades ou propostas que xurdan ao longo do curso.

ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O IES Urbano Lugo de Malpica de Bergantiños recolle alumnado procedente, por unha parte, do medio urbano de Malpica e Buño e, por outra, do medio rural que abrangue o resto do Concello. Presenta unha realidade sociolingüística diversa atendendo aos diferentes sectores que conforman a comunidade educativa: máis da metade do profesorado utiliza o galego na súa fala natural e emprégao na docencia segundo a porcentaxe establecida na lexislación vixente; a práctica totalidade do PAS e do alumnado é galegofalante (agás contados casos de alumnos/as inmigrantes) . Atendendo aos datos recollidos no Proxecto Lingüístico do Centro, poderíamos resumir que na nosa contorna sociolingüística predomina o galego de forma clara, á vista dos seguintes datos:

- No contexto sociolingüístico do centro predomina o uso da lingua galega.
- A dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego é BOA.
- A presenza do galego na vida do alumnado é ALTA.
- A presenza ambiental do galego no centro é BOA.

OBXECTIVOS

- Acadar a presenza normalizada da lingua galega nos diversos aspectos da vida educativa, acorde coa realidade galegofalante da comunidade deste centro e cos obxectivos da Normalización Lingüística no ensino.
- Obter e difundir información sobre os recursos que a Administración Educativa e outras Institucións poñen á nosa disposición para fomentar e/ou enriquecer o uso da lingua galega en todos os ámbitos.
- Promover a realización de actividades interdisciplinares abertas ao entorno e á comunicación intercentros, que contribúan ao coñecemento e divulgación de experiencias enriquecedoras e innovadoras así como á facilitar o tránsito entre os distintos niveis e etapas do Sistema Educativo.
- Favorecer a presenza da lingua galega no uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.

- Manter e aumentar a implicación do profesorado no uso do galego en todos os ámbitos relacionados co ensino e o traballo en equipo.
- Conseguir do alumnado e do conxunto da comunidade educativa un incremento positivo da súa autoestima como integrantes activos do pobo galego.
- Continuar na liña de coherencia lingüística acadada no uso do galego dentro do centro como lingua de comunicación administrativa.

ACTIVIDADES TEMPORALIZADAS

*Sinálanse entre parénteses os apartados aos que fai referencia cada actividade, atendendo ao punto 9: “ Criterios para a cualificación dos proxectos”, recollido na orde 30 de decembro de 2014.

A maioría destas actividades quedarán publicadas dentro dalgunha das seccións da nosa web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/> , máis concretamente na nosa:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/taxonomy/term/124>

PLURIANUAIS

“MOVÉMONOS”: Todos os Departamentos. Parte coa idea de deseñar e crear un mural permanente e ben visible que recolla as experiencias e actividades destacadas levadas a cabo polos distintos departamentos didácticos ao longo de varios cursos académicos. Baixo o lema, iríase configurando o testemuño da historia do centro para as xeracións presentes e futuras, contando coa implicación de toda a comunidade educativa e a colaboración doutras entidades e organismos da contorna máis ou menos próxima. Este curso contamos con poder incorporar unha TV grande que sirva de pantalla de ordenador, a través da cal se poidan mostrar de xeito continuado, contidos dixitalizados relacionados coa idea base e outros de actualidade que conveña salientar. (Ap. 9.1.a-b-c-d-e-f).

“FALANDO DE TECNOLOXÍA”: D. Tecnoloxía, Orientación, LL. Galega, EDLG. Vaise levar a cabo esta experiencia intercentros, na que participa con nós o CEIP Joaquín R. Otero de Buño. A idea é que alumnos de 3º e 4º de P. Diversificación Curricular preparen a exposición dun tema relacionado coa tecnoloxía, propio do currículo de E. Primaria, e llelo expliquen, en galego, no

seu centro, aos alumnos de 5º e 6º de EP. Logo estes virían ao instituto, a vivir a parte práctica no Taller de Tecnoloxía e na aula de informática a través de simuladores. Para este curso, como fase piloto, probaremos so cos alumnos de 4º nosos e os de 5º de Buño.

Constitúe un paso adiante neste centro no tratamento da “Diversidade”, da interdisciplinariedade entre as materias e as etapas do ensino e, en definitiva na Innovación Educativa: que os grupos de Diversificación, sexan quen de expoñer en galego coñecementos adquiridos en castelán e adaptalos a mentes de primaria, é un medio excelente para mellorar a súa autoestima e aumentar a confianza en si mesmos á hora de desenvolver habilidades sociais e lingüísticas asociadas á posta en práctica dos coñecementos adquiridos. (Ap. 9.1.a-b-c-d-e-f).

“RADIO SEAIA”: Todos os Departamentos, coordina o xefe do de Física e Química. Participa alumnado de 3º e 4º de ESO; emiten 1 vez ao mes en circuíto cerrado a súa programación, que abrangue 3 seccións: *Campal*, *Campaña e Música*; tamén participan nas distintas celebracións organizadas no centro ao longo do curso. As emisións aparecen publicadas posteriormente na Web do centro. Esta experiencia vai encamiñada a potenciar dunha banda, as habilidades de recollida e tratamento da información e expresión oral co uso das TIC; e doutra, a difusión de aspectos culturais ou científicos de interese (*Campaña*), a valoración pública de comportamentos e actitudes positivas do alumnado (*Campal*) e, en definitiva, a mellora da convivencia dentro e fóra do centro. (Ap. 9.1.a-b-c-d-e-f)

“REVISTA ARDORA DIXITAL”: Todos os Departamentos. A revista do noso centro, ARDORA, editouse en papel dende o 2000, durante 13 anos; sendo unha importante vía de comunicación entre toda a comunidade educativa e a contorna, ilustradora de case todo o que se viña de facer no Instituto . Por recortes de persoal, o curso pasado non puido saír á luz. Neste, dado o cada vez máis estendido uso que observamos na nosa páxina web, pretendemos retomala con formato dixital e incluíla nela, mantendo a estrutura habitual, con traballos literarios, artísticos, informativos, divulgativos, de investigación, etc do alumnado e profesorado. (Ap. 9.1.a-b-c-d-e-f).

DURANTE TODO O CURSO:

- EDLG. Recopilación de material videográfico, fotográfico, bibliográfico e discográfico (centralizado na biblioteca) relativo a diversos aspectos da cultura galega, para ser utilizado como material didáctico, de consulta ou de ocio, nas diferentes áreas (Sociais, Lingua e Literatura Galegas, Plástica, Música, Ciencias Naturais, etc.) ou individualmente polo alumnado e profesorado. (Ap. 9.1.a-b-c-f)
- EDLG. Recollida e exposición de información sobre concursos e actividades que se convoquen e teñan relación coa lingua e a cultura galega, animando ao alumnado a participar e divulgar os eventos.
- EDLG. Actualización constante da nosa Sección na páxina web do Instituto: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesurbanolugrismalpica/taxonomy/term/148> así como no blog da Biblioteca: <http://bibliogris.blogaliza.org/>
- EDLG. Colaboración con toda a comunidade educativa na corrección e elaboración de textos en galego, nos programas radiofónicos que se emitan en aberto, na elaboración de audiovisuais, etc..., para acadar a normalidade lingüística que todos perseguimos. (Ap. 9.1.a-b-c-f)
- EDLG. Colaboración tamén co centro nas conmemoracións propostas cada ano pola Consellería de Educación e outras organizadas dende os distintos departamentos didácticos ou Institucións da Contorna. (Ap. 9.1.a-b-c-f)
- **Obradoiros artístico-literarios:** Departamentos de Linguas, EDLG, Orientación, Extraescolares-Biblioteca, ANPA, Concello, ..., convocatoria de diferentes artistas e escritores galegos para realizar co alumnado diversos obradoiros de: lendas, regueifas, banda deseñada, hip-hop, (Ap. 9.1.a-b-c-f)

1ª AVALIACIÓN

OBRADOIRO DE LENDAS MALPICÁS: EDLG, D.Extraescolares-Biblioteca, Concello. Financiado polo Concello, celebrouse na Biblioteca este Obradoiro de 2 horas, dirixido ao alumnado de 1º e 3º ESO. (Ap. 9.1.a-b-c-f).

SAMAÍN/HALLOWEEN: Dep. de todas as Linguas, EDLG, XH, e o de Extraescolares- Biblioteca
Celebración conxunta destes eventos, tratando de conectar e darlle sentido ás distintas
manifestacións inter-culturais desta festividade outonal. Organizamos exposición e concurso
con premio, de cabazas decoradas e de carteis, co lema: “O meu morto favorito” (Ap. 9.1.a-b-f).
Na biblioteca, durante a 1ª semana de novembro, ofrecéronse nos recreos curtametraxes deste
xénero.

OBRADOIRO DE REGUEIFAS: EDLG, D.Extraescolares-Biblioteca, ANPA. Financiado pola ANPA do
Instituto, celebrouse na Biblioteca este Obradoiro de 2 horas, dirixido ao alumnado de 3º ESO.
(Ap. 9.1.a-b-c-f).

NADAL: Dep. de Linguas, EDLG e o de Extraescolares- Biblioteca. Convocouse un concurso de
tarxetas de Nadal en formato manual. Dende todos os departamentos animouse a participar ao
alumnado nos distintos torneos de: xadrez, fútbolín e Pim-Pom que se celebraron o último día
de clase de decembro, día en que tamén se entregaron os premios aos gañadores-as. (Ap. 9.1.a-
b-f)

2ª AVALIACIÓN

DÍA DA PAZ: Todos os Departamentos. Arredor da frase: “*Construíndo PAZ exponencialmente ...
dende a EDUCACIÓN*”, motivamos a reflexión, individual e grupal, en torno a esta Celebración
Tívoise en conta: as características dos premiados na edición última co Nobel da Paz, e o lema
das bibliotecas para este ano: “**Biblioteca-Matemático**” . Cada grupo-clase elaborou a súa
propia mensaxe , asociada ás fotos respectivas que se lles fixeran previamente. Con todo o
material organizouse unha exposición no tabuleiro da entrada, e nese día, 30 de xaneiro,
escoitáronse nos recreos a través da Radio, músicas seleccionadas ao efecto nas 4 linguas nas
que nos desenvolvemos . (Ap. 9.1.a-b-c-f)

ENTROIDO: Todos os Departamentos do Instituto e CEIP Milladoiro, Concello. Nesta ocasión,
previa xuntanza e acordos co CEIP Milladoiro, organizaremos un desfile grupal dos dous centros
polas rúas da vila con disfraces confeccionados ao efecto polo alumnado no centro; celebrando

a continuación un festival de música e baile no Centro Cívico do Concello, aberto á comunidade educativa. (Ap. 9.1.a-b-c-d-f).

DÍA DE ROSALÍA: Dep. de LL.G, EDLG e o de Extraescolares-Biblioteca. Motivados pola convocatoria feita pola AELG e a relevancia que nós tamén lle concedemos á figura de Rosalía de Castro, conmemoraremos de novo o seu día, 24 e febreiro, con exposicións da súa obra na Biblioteca e recitado dos seus poemas a través de Radio . (Ap. 9.1.a-b-c-f)

3ª AVALIACIÓN

CORRELINGUA / PERCORRIDO POLA CORUÑA GALEGUISTA: Dep. de LL.GALEGA, EDLG, XH, EPV e o de Extraescolares-Biblioteca. O alumnado de 3º e 4º ESO participará no *Correlingua*, actividade de potenciación da lingua galega organizada dende a ASPG e outros organismos, que se celebrará na Coruña en maio de 2015. Logo do xantar, farase un percorrido polos lugares emblemáticos do galeguismo coruñés e o camposanto de Santo Amaro. (Ap. 9.1.a-b-c-f)

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS: Todos os Departamentos, Concello. Organizaranse actividades relacionadas co escritor homenaxeado este ano 2015, **XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE**; colgaremos carteis informativos facilitados pola SXPL, e daremos a coñecer a súa obra mediante lecturas, representacións e proxeccións audiovisuais. Como en anos anteriores, convocarase con antelación un **Concurso Literario de Narración** aberto a todos os centros educativos da contorna. (Ap. 9.1.a-b-c-d-e-f). No Centro Cívico do Concello, en torno ao día 17 de maio, celebrarase un festival con diversas actuacións do alumnado e algún personaxe convidado ao efecto; nel farase a entrega de premios do Certame Literario. (Ap. 9.1.a-b-c-f)

Asdo.: Coordinadora EDLG, Mª Carmen Otero Sánchez

Vº e praxe, a Directora: Dª María Dolores Paz Queiruga

Malpica de Bergantiños, 6 de febreiro de 2015

Profesorado pertencente ao EDLG:

M^a Carmen Otero Sánchez – Coordinadora

(PT, D. Orientación, membro do Equipo de Biblioteca e Coordinadora de Formación)

Pedro Martínez Casillas (Xefe Departamento de Música)

Begoña Pérez Seoane (D. LL.Galega, Xefa de Estudos)

Profesorado que coordina os outros Departamentos do Instituto:

**Actividades Extraescolares: Pampín Suárez, Amancio
Coordinadora de Biblioteca: Lamas Noya, Rosa María**

Ciencias Naturais: Rúa López, Marta

Ed. Física e Deportiva: Rodríguez Álvarez, Emilio

Ed .Plástica e Visual: Díaz Salgueiro, Miguel Angel

Física e Química: Mazas Brandariz, Diego

Francés: Trillo Trillo, Milagros (membro do equipo de Biblioteca)

Inglés: Lista Rodríguez, M^a Carmen

Lingua e Literatura Castelá: Lamas Noya, Rosa María

Lingua e Literatura Galega: Canosa Fraguela, M^a Carmen

Matemáticas: Cuesta Martín, M^a Dolores

Orientación: Lema Agra, Aurora

Relixión: Martínez López, Josefina

Tecnoloxía: Alonso Castro, Covadonga (membro do equipo de Biblioteca)

Xeografía e Historia: Caamaño Cancela, M^a Pilar

| TEMPORIZACIÓN | TÍTULO ACTIVIDADE | RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN | DESTINATARIOS/AS | ORZAMENTO EN € | MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES |
|------------------|--|---|--|----------------|---|
| PLURIANUAIS | <i>MOVÉMONOS</i> | Todos os Departamentos | Toda a comunidade educativa | 900 | TV, material funxible |
| | <i>FALANDO DE TECNOLOXÍA</i> | D. Tecnoloxía, Orientación, LL. Galega, EDLG CEIP Joaquín R. Otero de Buño | Alumnado e Profesorado intercentros | 400 | Transporte e material funxible |
| | <i>RADIO SEAIA</i> | Todos os Departamentos | Toda a comunidade educativa e contorna | 100 | Material funxible e tecnolóxico |
| | <i>REVISTA ARDORA DIXITAL</i> | Todos os Departamentos | Toda a comunidade educativa e contorna | 50 | Material Funxible |
| ANUAIS | Adquisición de Fondos e Recursos | EDLG D.Extraescolares-Biblioteca | Toda a comunidade educativa | 300 | Libros, Revistas, Xogos, vídeos, vídeoxogos... |
| | Difusión de Información | EDLG | Toda a comunidade educativa e contorna | 100 | Fotocopias, Correos, ... |
| | Colaboración con toda a comunidade educativa | EDLG | Toda a comunidade educativa | 0 | |
| | OBRADOIROS B. Deseñada, Hip-Hop | EDLG D.Extraescolares-Biblioteca Dep. de Linguas, Física e Química | Alumnado | 300 | Relatores, Material funxible |
| 1ª AVALIACIÓN | OBRADOIRO LENDAS MALPICÁS | EDLG, D. Extraescolares-Biblioteca , LL.Galega, Concello | Alumnado | 0 | Financiado por Concello |
| | SAMAÍN/HALLOWEEN | EDLG D. Extraescolares-Biblioteca todos os Dep. de linguas | Alumnado | 70 | Material funxible para decoración e premios |
| | OBRADOIRO REGUEIFAS | EDLG, D. Extraescolares-Biblioteca , LL.Galega, ANPA | Alumnado | 0 | Financiado por ANPA |
| | NADAL | Todos os Departamentos | Toda a comunidade educativa | 70 | Material funxible e Premios |

| TEMPORIALIZACIÓN | TÍTULO ACTIVIDADE | RESPONSABLE/S E DEPARTAMENTO/S AO/S QUE REPRESENTAN | DESTINATARIOS/AS | ORZAMENTO EN € | MATERIAL NECESARIO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES |
|-------------------------|--|--|--|-----------------------|--|
| 2ª AVALIACIÓN | DÍA DA PAZ | Todos os Departamentos | Alumnado e Profesorado | 50 | Material funxible |
| | DÍA DE ROSALÍA | EDLG D.Extraescolares-Biblioteca Dep. de L.L.Galega Dep. Física e Química | Alumnado e Profesorado | 20 | Material funxible |
| | ENTROIDO | Todos os Departamentos CEIP Milladoiro Concello | Toda a comunidade educativa e contorna | 150 | Transporte, material funxible para disfraces |
| 3ª AVALIACIÓN | CORRELINGUA PERCORRIDO POLA CORUÑA GALEGUISTA | EDLG, D. Extraescolares L.L. Galega, XH e EPV | Alumnado 3º e 4º ESO e Profesorado | 400 | Transporte, fotocopias e material funxible |
| | SEMANA DAS LETRAS GALEGAS | Todos os Departamentos | Toda a comunidade educativa Concello e Centros da Comarca | 300 | Transporte, material funxible e premios |
| | | | TOTAL ORZAMENTO | 3210 € | |